



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 145/2005, do 2 de xuño, polo que se crea a Escola Superior de Arte Dramática na cidade de Vigo, que pasa a denominarse Escola Superior de Arte Dramática.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade
- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde (Sergas)

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se dispón que cese José Carlos del Álamo Juménez como presidente do Padroado do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.
- Decreto polo que se nomea presidente do Padroado do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia a Manuel Vidal López.



CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Decreto polo que se regula o programa de vivenda en aluguer
- Decreto polo que se dispón que cese como secretario xeral da Consellería de Vivenda e Solo Enrique Urdiales de Santiago, agradecéndolle os servizos prestados
- Decreto polo que se nomea como secretaria xeral da Consellería de Vivenda e Solo a Rosa Losada Suárez.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual na resolución pola que se regulan as bases para a concesión de prestacións periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria. (Nota: ao final adxúntase copia da orde para a concesión de axudas).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Igape e as entidade financeiras, para a habilitación dunha liña de financiamento específica para as pemes galegas produtoras de mexillón, co fin de paliar os prexuízos económicos de paralización temporal da actividade como consecuencia de biotoxinas mariñas.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se autoriza o compromiso plurianual que deriva do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fundación Comité Español de los Colegios del Mundo Unidos, para a concesión dunha bolsa a un estudante galego, para a realización de estudos de bacharelato internacional durante o curso 2006-2007.



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Cerceda, para a execución do proxecto da estrada do Polígono Industrial de Acevedo á estrada Cerceda-Mesón do Vento, por Coveláns, en Cerceda.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se conceden subvencións aos consellos reguladores das denominacións de orixe de calidade, para financiar os seus gastos de funcionamento.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do contrato-programa entre o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061, para a coordinación e prestación de servizos de urgencias médicas e para conceder axudas ou subvencións por importe superior a 3.005.060 euros.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Santiago de Compostela, para a ampliación e mellora do centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer compromisos de carácter plurianual e anticipos superiores ao 10% da subvención na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión, orientación e busca de emprego no ano 2006.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer anticipos superiores ao 10% do importe das subvencións, no momento da súa concesión, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias do Plan FIP.



INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre as previsións legislativas do Goberno para 2006



A XUNTA APROBA A LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO PROFESIONAL DE LOGOPEDAS DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou a Lei de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia tras a consideración polo Goberno autonómico do interese público das actividades profesionais que engloba a logopedia. Deste modo, a Administración autonómica resposta ás demandas da Asociación de Diplomados Universitarios en Logopedia e a Asociación de Logopedas de España.

A creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia garantirá que o exercicio da profesión se axuste ás normas e regras que aseguren tanto a eficacia como a responsabilidade en tal exercicio, condicionado este á posesión do título oficial de diplomado en logopedia que acredita a cualificación e habilita legalmente para o seu exercicio. Así, confírmase a última finalidade que é a protección dos cidadáns.

A lei divídese nunha exposición de motivos, tres artigos, unha disposición adicional, tres disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

Os artigos establecen o Colexio Profesional de Logopedas como unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia, e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins dende o momento no que se constitúan os seus órganos de goberno. O seu ámbito territorial de actuación será a Comunidade Autónoma de Galicia.

No que fai referencia ao ámbito persoal, poderán integrarse no Colexio Profesional de Logopedas todos aqueles que estean en posesión do título de diplomado universitario en logopedia, ou título estranxeiro equivalente debidamente homologado; ademais, para exercer a profesión en Galicia deberán incorporarse ao colexio cando o domicilio profesional único ou principal radique nesta Comunidade Autónoma, salvo para as persoas vinculadas coa Administración pública cando esta sexa a destinataria inmediata do seu traballo. Tamén poderán solicitar o ingreso no colexio, aqueles profesionais non Diplomados en Logopedia que, sen embargo, traballen no campo das perturbacións e patoloxías da linguaxe e a audición ou que cumpran algún suposto dos que marca a lei na disposición transitoria terceira.

Segundo esta lei, as asociacións de logopedia con representación en Galicia designarán unha comisión xestora que, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, aprobará uns estatutos provisionais do Colexio Profesional de Logopedas. A partir desta data, a Asamblea Constituínte cuxa convocatoria recollerán os ditos estatutos provisionais, terá outros seis meses para aprobar os estatutos definitivos. Estes serán presentados á consellería competente na materia para os



efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación da súa legalidade, aprobación que será competencia do Consello da Xunta de Galicia.



O GOBERNO PRESENTARÁ UN TOTAL DE 36 PROPOSTAS LEXISLATIVAS NO ANO 2006

- *No primeiro semestre do ano tramitaranse un total de 19 proxectos legislativos*
- *O Consello da Xunta estudou hoxe un informe que dá conta dos proxectos de lei que impulsará o Executivo neste ano*

O Goberno da Xunta deu hoxe luz verde ao calendario legislativo para 2006, que será remitido ao Parlamento, unha vez que o Consello da Xunta o autorizou na súa reunión deste xoves.

Segundo se desprende deste informe, o Goberno impulsará a Lei de Subvencións; a Lei de transparencia; a Lei de fundacións; a Lei de publicidade institucional; a Lei de policía; e a Lei de emerxencias. Paralelamente, procederáse á creación da Área Metropolitana de Vigo e ás reformas das leis de Función Pública e do Consello Consultivo.

A Xunta traballa, así mesmo, na elaboración da Lei do Consello Agrario; na Lei de Mobilidade das Terras; na Lei de Escalas de Persoal Investigador e na Lei de Minería. Paralelamente, o Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño impulsará a Lei de Comercio Interior de Galicia; a Lei de Horarios Comerciais; a Lei de Caza; a Lei de Integración da Muller no Mundo Laboral; a Lei de Linguaxe de Signos;; e a Lei do Libro e da Lectura.

Segundo se desprende do informe analizado polo Consello, promoveranse, ademais, no segundo semestre deste ano; a Lei do Plan Galego de Estatística; a Lei de Orzamentos; a Lei de Portos de Galicia; o Plan Integral de Seguridade Vial; o Plan Integral de Transportes de Galicia; a Lei sobre Avaliación Estratéxica; a Lei Galega contra a Violencia de Xénero; a Lei Integral de Residuos de Galicia, e a Lei de Protección do Medio Ambiente.

Ademais, o Goberno autonómico promoverá a Lei de Protección de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade; a Lei de Montes; a Lei para a Creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Industrial; a Lei de Servizos Sociais; a Lei de Saúde de Galicia; a Lei de Inserción Sociolaboral de Galicia; a Lei de modificación do Consello Galego de Relacións Laborais; e a Lei de Creación do órgano que asumirá as funcións do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.



VICEPRESIDENCIA PON EN MARCHA O SALARIO DA LIBERDADE PARA AS MULLERES MALTRATADAS

- *As axudas económicas serán de ata seiscentos euros ao mes e poderanse cobrar, como máximo, durante un ano*
- *O orzamento para o 2006 ascende a 1.100.000 euros*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o chamado salario da liberdade, destinado ás mulleres maltratadas, co obxectivo de facilitar a súa independencia económica dos seus agresores. Dáse luz verde, deste xeito, á orde que regula a tramitación e o pagamento destas axudas, anunciadas polo vicepresidente ao comezo desta lexislatura.

Segundo establece esta orde, as persoas que soliciten a axuda económica de apoio a mulleres vítimas da violencia de xénero, o chamado *salario da liberdade*, deberán acreditar que sofren malos tratos, presentando unha orde de protección xudicial ao seu favor, ou un informe do Ministerio Fiscal, dos servizos sociais ou do centro de acollida, no que quede constancia da existencia de indicios de violencia.

Para poder acceder a esta prestación, a muller debe ser maior de idade ou estar emancipada, residir en Galicia e demostrar que carece de recursos suficientes como para poder emanciparse do seu agresor.

Finalidade das axudas

A finalidade do salario da liberdade é proporcionar apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para lles garantir unhas condicións suficientes de seguridade económica respecto do agresor que lles possibiliten dar o primeiro paso para romper con esa situación. A través da resolución aprobada no Consello esta mañá, establécense as bases que rexerán a concesión de prestacións económicas de apoio ás mulleres vítimas de malos tratos.

Contía das axudas

A Vicepresidencia destina unha partida económica para facer fronte ao pagamento do salario da liberdade de 1.100.000 euros para este ano 2006.

As persoas que cumpran os requisitos poderán acceder, durante un máximo dun ano, ás axudas, que serán de ata 600 euros ao mes. Esta contía económica percibirana aquelas mulleres que teñan ingresos inferiores ou iguais ao salario mínimo interprofesional ou que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%. Se a muller vítima de malos tratos cobra rendas superiores ao salario mínimo Interprofesional pero que non superan o dobre deste salario, recibirá 400 euros ao mes. Esta cantidade reducirase a 200 euros mensuais cando perciba rendas que



estean entre o dobre e o triplo do salario mínimo interprofesional. Neste último caso, as axudas poderanse incrementar en 50 euros máis por cada filla/o menor de idade que teña ao seu cargo.

Presentación das solicitudes

As solicitudes deberán dirixirse á directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade e presentarse no rexistro deste organismo, dende a entrada en vigor da orde, ao día seguinte da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ata o 30 de novembro de 2006.

As mulleres quedarán obrigadas a facilitar toda a información que se lles requira a fin de comprobar que os fondos recibidos foron utilizados para os fins propostos, é dicir, para emanciparse do seu agresor e refacer a súa vida.

Esta é unha das medidas en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero postas en marcha dende a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, que nos orzamentos de 2006 conta coa cifra histórica de 40 millóns de euros para a igualdade. Ademais, a semana pasada a secretaria xeral de Igualdade, Carme Adán, comezou as roldas de contactos coas asociacións de mulleres e colectivos afectados para a redacción da Lei galega contra a violencia de xénero, que a Vicepresidencia da Xunta espera levar ao Parlamento a finais deste ano.



AUTORIZADO UN CONVENIO DO IGAPE CON ENTIDADES FINANCEIRAS PARA HABILITAR UNHA LIÑA DE FINANCIAMENTO PARA PEMES PRODUTORAS DE MEXILLÓN

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Igape e as entidades financeiras para habilitar unha liña de financiamento específica destinada a pemes galegas produtoras de mexillón, co fin de paliar os prexuízos económicos da paralización temporal da actividade como consecuencia da marea vermella.

O convenio autorizado ten por obxecto definir os termos de colaboración entre o Igape e as entidades financeiras adheridas para a creación e posta en marcha dun mecanismo que lles facilite ás pemes galegas produtoras de mexillón, directamente ou a través das súas asociacións, o financiamento da venda da súa produción ás depuradoras e á industria transformadora, mediante o desconto bancario de letras de cambio aceptadas e obrigas de pagamento á orde asinados polos seus clientes para o pagamento de facturas emitidas dende o 1 de xaneiro de 2006 ata o 31 de marzo de 2006.

Unha vez aceptada a operación, a entidade financeira colaboradora adiantará o 100% do importe da factura que conte cun documento de pagamento aprazado aceptado nas condicións establecidas neste convenio, sen repercutir sobre o beneficiario ningún custo nin dedución da operación, excluídos impostos vinculados á operación de desconto. Os documentos de pagamento presentados a desconto bancario deberán ter un vencemento non superior a cinco meses desde a data da factura para as vendas a depuradoras, cocedoiros, industrias conxeladoras e conserveiras.

O Igape compensará as entidades colaboradoras polos custos financeiros e de xestión que deriven destas operacións. As empresas produtoras de mexillón interesadas nesta liña de apoio deberán dirixir as súas solicitudes ás entidades financeiras que se adhiran ao convenio. As entidades financeiras analizarán as solicitudes e asumirán o risco das operacións aprobadas.



AUTORIZADA A NOVA DENOMINACIÓN DA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA

- *O centro, situado en Vigo, está chamado a ser un dos referentes en Galicia na difusión do teatro galego e universal e na investigación das artes escénicas*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o decreto que modifica á súa vez o decreto de creación da Escola Superior de Arte Dramática na cidade de Vigo. En virtude do texto legal aprobado hoxe, este centro pasa a chamarse Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

O Decreto 145/2005, do 2 de xuño, recollía a creación da Escola Superior de Arte Dramática na cidade de Vigo. Este novo centro estaba xustificado polo desenvolvemento das ensinanzas artísticas en Galicia, orientado tanto a garantir a formación de futuros profesionais como á formación permanente dos profesionais da escena e doutros eidos da creación escénica e audiovisual.

Ademais, esta Escola ten entre os seus obxectivos dar a coñecer e difundir o patrimonio teatral galego e universal, ao tempo que se constitúe nun centro de referencia no campo da investigación das artes escénicas.

A nova denominación do centro vén dada polo feito de que esta escola está chamada a desenvolver un rol transcendental no referente ás ensinanzas artísticas en Galicia. Deste xeito, a Escola de Arte Dramática de Galicia incrementa a súa representatividade no ámbito da formación artística da Comunidade galega.



EDUCACIÓN FINANCIADA UNHA BOLSA DE 45.000 EUROS PARA QUE UN ESTUDANTE GALEGO CURSE ESTUDOS DE BACHARELATO INTERNACIONAL

O Consello da Xunta autorizou o compromiso plurianual que deriva do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e a *Fundación Comité Español de los Colegios del Mundo Unido*, para a concesión dunha bolsa a un estudante galego para a realización de estudos de bacharelato internacional durante o bienio académico 2006-2008.

En virtude deste acordo, a Administración educativa galega colabora no financiamento dunha bolsa para que un estudante galego curse estudos nalgún dos *Colegios del Mundo Unido* achegando un total de 45.000 euros, repartidos en tres anualidades: 7.500 euros en 2006, 22.500 en 2007, e 15.000 en 2008.

O convenio de colaboración establece que a bolsa de estudos comprenderá os gastos de escolaridade, aloxamento, manutención e xestión. A selección do bolseiro realizaraa a propia Fundación de conformidade cos seus procedementos extraordinarios de concesión de bolsas, e deberá recaer nun estudante galego.

O Goberno galego e a *Fundación Comité Español de los Colegios del Mundo Unido* veñen colaborando desde o ano 1995. Durante este período de tempo foron doce os alumnos galegos que se beneficiaron desta cooperación mutua, ao tempo que favoreceu que Galicia e España estean presentes na representación das distintas culturas nos colexios.

Esta Fundación ten como finalidade promover o entendemento internacional, posibilitando o acceso de alumnos españois, en réxime bolseiro, aos *Colegios del Mundo Unido* (United World Colleges), pertencentes á organización internacional do mesmo nome, que teñen como misión dar aos mozos de todo o mundo unha educación internacional con respecto aos ideais de paz, xustiza, tolerancia e solidariedade.

A Fundación convoca todos os anos un concurso para a adxudicación de bolsas para a realización de estudos de bacharelato internacional nalgún dos colexios pertencentes á citada organización mundial. Estes estudos son validables en España e van dirixidos a alumnos que estean cursando 4º da ESO e 1º de bacharelato. Así, os recursos da Fundación aplícanse fundamentalmente ao financiamento dos estudos dos beneficiarios e ás accións que promovan o entendemento internacional.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGA 551.677 EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ESTRADA DE ENLACE CO POLÍGONO INDUSTRIAL DE ACEVEDO, EN CERCEDA

- ***Hoxe foi autorizada a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Cerceda para a execución desta actuación***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Cerceda para a execución do proxecto de estrada dende o polígono industrial de Acevedo ata a estrada Cerceda-Mesón do Vento por Coveláns, en Cerceda.

Esta actuación prevé un investimento total de 551.677 euros, que achegará a consellería con cargo aos orzamentos de 2006 e 2007. O Concello de Cerceda, pola súa banda, será o encargado de desenvolver as actuacións necesarias para a execución das obras.

O proxecto de estrada do polígono industrial de Acevedo á estrada Cerceda-Mesón do Vento por Coveláns englobase no convenio de colaboración específico subscrito entre a Consellería de Innovación e Industria e o Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras. O obxecto é establecer condicións favorables para a creación de empresas e a diversificación do tecido produtivo da zona de Cerceda cara a actividades alleas á minería do carbón. Trátase, polo tanto, dunha das actuacións que prevén minimizar e absorber os efectos da paulatina redución da actividade do complexo mineiro-eléctrico, no ámbito xeográfico de Cerceda.



MEDIO RURAL DESTINA 690.000 EUROS A SUFRAGAR OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS CONSELLOS REGULADORES DE DENOMINACIÓNS DE CALIDADE

- *Esta liña de axudas vai destinada a subvencionar gastos de promoción dos dezaseis produtos agroalimentarios que actualmente contan con distintivos de calidade: os viños de Valdeorras, Ribeiro, Rías Baixas, Monterrei e Ribeira Sacra; as Denominacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia; os queixos de Tetilla, Arzúa-Ulloa, San Simón da Costa e Cebreiro; Ternera Gallega, Lacón Gallego, Mel de Galicia, Pataca de Galicia, Pan de Cea e Agricultura Ecolóxica.*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a concesión de 690.000 euros, por parte do departamento de Medio Rural, aos consellos reguladores das distintas denominacións de calidade que existen en Galicia. Con esta partida, a consellería que dirixe Alfredo Suárez Canal pretende subvencionar os gastos de funcionamento destas entidades, sobre todo no que respecta ás actividades de promoción e de comercialización dos produtos amparados polos diferentes distintivos de calidade. As axudas distribuiranse entre os dezaseis consellos reguladores que posúe Galicia actualmente, segundo se recolle no seguinte cadro:

C.R.D.O. RIBEIRO	48.000,00 Euros
C.R.D.O. VALDEORRAS	48.000,00 Euros
C.R.D.O. RÍAS BAIXAS	48.000,00 Euros
C.R.D.O. MONTERREI	48.000,00 Euros
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	48.000,00 Euros
C.R. das D.X. das augardentes e licores tradicionais de Galicia	48.000,00 Euros
C.R.I.X.P. TERNERA GALLEGA	48.000,00 Euros
C.R.I.X.P. LACÓN GALLEGO	48.000,00 Euros
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	48.000,00 Euros
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	48.000,00 Euros
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	18.000,00 Euros
C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	48.000,00 Euros
C.R.D.O. ARZÚA-ULLOA	48.000,00 Euros
C.R.D.O. QUEIXO CEBREIRO	18.000,00 Euros
C.R.D.O. QUEIXO SAN SIMÓN DA COSTA	30.000,00 Euros
C.R. AGRICULTURA ECOLOXICA DE GALICIA	48.000,00 Euros



O pagamento destas axudas realizarase en dúas fases. O 80% farase efectivo a medida que os beneficiarios xustifiquen os libramentos posteriores e o 20% restante no momento da xustificación completa por parte dos adxudicatarios.

A Consellería do Medio Rural entende que a defensa e a promoción daqueles produtos agroalimentarios con características diferenciadoras pola súa orixe xeográfica, calidade e tradición resulta moi positiva para o desenvolvemento rural, e especialmente, para as zonas menos favorecidas, ao asegurar a renda dos agricultores e gandeiros, así como a fixación da poboación rural nesas zonas.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A ESTRUTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

O Consello da Xunta aprobou o decreto de estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte, correspondéndolle as competencias en materia de creación e difusión cultural, patrimonio cultural, os aspectos vinculables á protección do patrimonio cultural da Cidade e dos Camiños de Santiago, e o fomento e promoción da cultura física e o deporte.

Con este decreto confírmase a organización deste departamento, que inclúe tres direccións xerais –Creación e Difusión Cultural, Patrimonio Cultural e Deporte-, a secretaría xeral, delegacións provinciais e cun organismo autónomo adscrito: o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM).



O GOBERNO GALEGO APROBA A NOVA ESTRUTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE E DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- *Oriéntanse cara a un sistema sanitario que obteña resultados satisfactorios, a través dos profesionais, pensando na cidadanía de Galicia, e cunha organización sanitaria eficaz, equitativa e eficiente*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe dous decretos polos que se establecen as novas estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde. Neste novo modelo organizativo destes dous departamentos que dirixe María José Rubio Vidal, sepáranse, por unha banda, a planificación, o financiamento e a avaliación da xestión, que lle corresponden á Consellería de Sanidade, e, por outra, a execución, que lle corresponde ao Sergas.

Segundo o decreto aprobado hoxe, a estrutura da Consellería de Sanidade contará cunha conselleira ou conselleiro, unha secretaría xeral, e as direccións xerais de Saúde Pública; e de Aseguramento e Planificación Sanitaria. Pola súa banda, o Sergas ten na súa estrutura unha presidencia, unha secretaría xeral, e as divisións de Asistencia Sanitaria; de Recursos Económicos; e de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional.

Organización eficaz, equitativa e eficiente

A nova estratexia da Consellería de Sanidade está marcada pola conformación dun sistema sanitario que obteña resultados satisfactorios, a través dos profesionais sanitarios, cara á cidadanía de Galicia, e cunha organización sanitaria eficaz, equitativa e eficiente. Este posicionamento está impregnado duns valores que deben ser tidos en conta en todos os niveis e procesos do sistema sanitario galego.

Para considerar unha actuación axustada a estes parámetros, esta ten que obter resultados positivos no ámbito da saúde da cidadanía galega así como nos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria e na humanización da medicina, tanto en niveis obxectivos como de satisfacción percibida.

Así mesmo, outros valores ou criterios importantes serán que o sistema sanitario galego promoverá e potenciará o seu carácter público ademais de actuar con eficiencia en todos os seus niveis orgánicos e asistenciais, co fin de garantir a sustentabilidade financeira do sistema.

Ademais de todo o dito, todos os obxectivos e resultados da organización deberán estar baseados na participación real e continua dos profesionais, cidadáns e, en xeral, de toda a sociedade galega.



Consellería de Sanidade

Na nova estrutura, á Consellería de Sanidade correspóndelle fixar os obxectivos de mellora da saúde; garantir o dereito ás prestacións sanitarias de cobertura pública; delimitar os dispositivos e medios de titularidade pública ou adscritos ao sistema segundo as necesidades da poboación; dirixir a rede galega de atención sanitaria e, ademais, realizar as actuacións de autoridade sanitaria.

Estas funcións desenvolveranse de acordo aos obxectivos estratéxicos establecidos nas directrices da política sanitaria de Galicia do Goberno que preside Emilio Pérez Touriño, e na dirección axeitada cara á redacción da nova Lei de saúde de Galicia, que supere á actual Lei de ordenación sanitaria de Galicia.

As funcións farán especial énfase na orientación sanitaria cara aos cidadáns, na participación social, na concepción integral da saúde, na universalidade do dereito ás prestacións de cobertura pública e na promoción da equidade no acceso aos servizos e ás prestacións sanitarias así como no equilibrio territorial. Todo isto, cunha atención de calidade personalizada e humanizada, tanto na vertente clínica e organizativa coma na atención aos cidadáns.

Servizo Galego de Saúde

Polo que respecta á nova estrutura do Sergas, este organismo exercerá o goberno, a dirección e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos, garantindo a provisión dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública; e coordinará a xestión dos recursos humanos, materiais e financeiros.

Ao Sergas correspóndelle, así mesmo, a coordinación da Rede Galega de Atención Sanitaria para a optimización de todos os dispositivos asistenciais integrados nela. Neste sentido, distribuirá con equidade os recursos económicos afectos ao financiamento dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública mediante a dobre función de compra e provisión de servizos sanitarios, que se exercerán de xeito separado.

O Servizo Galego de Saúde e as súas áreas sanitarias deberán estar orientadas a garantir os dereitos dos cidadáns e a continuidade asistencial mediante unha organización centrada no paciente como base para asegurar a calidade da asistencia, que supere a tradicional separación entre primaria e especializada e que abrangue a atención sociosanitaria, integrando todas as modalidades asistenciais de atención ao usuario.

Neste sentido, introdúcense na estrutura do Sergas fórmulas organizativas cunha visión lonxitudinal e integradora dos procesos asistenciais baseada na continuidade da



atención sanitaria, co fin de acadar a coordinación, colaboración e cooperación de todos os provedores públicos, tendo como centro de atención o paciente ao que se lle deben garantir unha calidade obxectiva e uns tempos de atención axeitados.



O SERGAS DESTINA NO PRIMEIRO SEMESTRE DESTE ANO MÁIS DE 15 MILLÓNS DE EUROS Á ATENCIÓN DAS URXENCIAS PRE HOSPITALARIAS A TRAVÉS DE *URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA - 061*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o contrato programa que asinarán o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia 061 para a coordinación e prestación de servizos de urxencias médicas na Comunidade Autónoma ata xuño de 2006. Un dos obxectivos prioritarios da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde é a mellora e conseguinte modernización da atención sanitaria en Galicia.

A Administración sanitaria galega achegará un total de 15.147.000 euros á realización de servizos sanitarios urxentes. A vinculación entre o 061-Galicia e o Servizo Galego de Saúde-Consellería de Sanidade formalízase periodicamente mediante contratos-programa que permiten vincular o funcionamento da Fundación cos criterios de planificación do Sergas e coas necesidades dos usuarios. Nos contratos programa establécense os plans de obxectivos de actividades e os recursos económicos para o seu financiamento.

Así o 061-Galicia coordinará as urxencias sanitarias mediante a recepción, clasificación e priorización da demanda e a determinación da resposta, seguindo criterios de saúde e de optimización de recursos. Ademais prestará, durante as 24 horas do día, servizos sen mobilización de recursos –consello médico urxente, infosaúde e asesoría médica- e con mobilización de recursos –emerxencias, asistencia *in situ*, transporte sanitario urxente, coordinación de visita domiciliaria.

Así mesmo, xestionará a medicalización do transporte terrestre (ambulancias medicalizadas) e as bases de helicópteros, que terán cobertura temporal todos os días da semana as vinte e catro horas do día.

Recursos

A *Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia 061* achegará os recursos humanos e materiais necesarios e realizará todas as actividades de xestión sanitaria administrativa e financeira, entre as que se inclúen o rexistro e explotación dos datos da demanda e servizos, a contratación de persoal, e as compras de bens e servizos, entre outros. Segundo se recolle no texto do convenio, o Sergas terá libre acceso á información e documentación que xere na prestación de servizos da central.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DESTINA 180.000 EUROS Á AMPLIACIÓN E MELLORA DA CANCEIRA DE SANTIAGO

O Consello da Xunta autorizou hoxe a firma dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Santiago para a ampliación e mellora do centro de recollida de animais abandonados e vagabundos. Mediante este acordo, o departamento que dirixe Manuel Vázquez achegará un total de 180.000 euros para levar a cabo as citadas actuacións.

O obxectivo principal do convenio é acadar un aumento significativo da capacidade da canceira para dar resposta ao elevado número de animais de compañía que recolle o centro. O proxecto técnico relativo ás obras de ampliación da canceira deberá presentarse nun prazo máximo de 15 días a partir da sinatura do acordo.



MANUEL VIDAL LÓPEZ, NOMEADO PRESIDENTE DO PADROADO DO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS

O Consello da Xunta acordou hoxe nomear a Manuel Vidal López como presidente do Padroado do Parque Nacional marítimo das Illas Atlánticas. A designación prodúcese unha semana despois de que o Consello aprobase o decreto mediante o cal a comunidade Autónoma, a través da Consellería de Medio Ambiente, asumiu os órganos de xestión do espazo natural, entre os que se inclúe a xunta reitora, o padroado e o citado cargo de presidente.

Manuel Vidal López (Marín, 1952) é enxeñeiro industrial e diplomado en enxeñaría ambiental. O novo responsable do padroado exerceu como profesor de tecnoloxía en formación profesional na cidade de Pontevedra. Manuel Vidal conta, ademais, cunha dilata experiencia na empresa privada, onde ocupou postos de responsabilidade. Así, traballou ata o de agora como consultor en materias de planificación, organización e xestión relacionados co equipamento portuario, a industria da comercialización e elaboración de pesca, sector conserveiro e o medio natural.



A CONSELLERÍA DE TRABALLO DEDICARÁ MÁIS DE 8.500.000€ Á POSTA EN MARCHA DUN SISTEMA DE ORIENTACIÓN LABORAL E BUSCA DE EMPREGO

- *O obxectivo é potenciar os sistemas de orientación laboral, baseados en accións de información, orientación e busca activa de emprego, coa finalidade de mellorar a ocupabilidade dos demandantes de emprego*
- *Este sistema, cuxo orzamento é bianual, recolle a colaboración de entidades especializadas para incrementar a capacidade e a calidade das accións, o seu achegamento aos usuarios e a atención a colectivos específicos*
- *A través da orde aprobada no Consello da Xunta poranse en marcha dous programas diferenciados, un de información profesional e outro de orientación laboral e busca de emprego*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a orde da Consellería de Traballo pola que se establecen as subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

O permanente cambio, froito das evolucións sociais, tecnolóxicas e organizativas, comporta unha dificultade engadida para as persoas que buscan un emprego, facendo necesario, a miúdo, procesos de orientación e asesoramento especializados, que presten colaboración ás persoas demandantes de emprego e lles faciliten o camiño cara ao mercado laboral. Con este obxectivo, a Consellería de Traballo, pon en marcha un sistema de orientación laboral, baseado en accións de información, orientación, busca activa de emprego, coa finalidade de mellorar a ocupabilidade dos demandantes de emprego. Este sistema prevé a colaboración de entidades especializadas para incrementar a capacidade e a calidade das accións, o seu achegamento aos usuarios e a atención a colectivos específicos.

O obxecto da orde aprobada esta mañá é o establecemento das bases e da convocatoria pública para a concesión de subvencións a entidades colaboradoras que realicen accións de información, orientación e busca de emprego, articuladas en itinerarios de inserción ocupacional e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia. Para o desenvolvemento deste proxecto a consellería destinará, durante os anos 2006 e 2007, un orzamento que supera os oito millóns e medio de euros.

Na orde inclúense dous programas, un de información profesional e outro de orientación laboral e busca de emprego.

As accións de información profesional consisten en proporcionarlle información a cada usuario demandante de emprego acerca das actuacións que leva a cabo o



Servizo Público de Emprego, así como as pautas básicas sobre a situación do mercado laboral. Outra das áreas de traballo deste programa será o tratamento da demanda de emprego, formulada perante o Servizo Público de Emprego, mediante a revisión do currículo dos demandantes de emprego que se dirixan aos ditos centros. Esta acción comporta a realización dunha entrevista individual e personalizada, a comprobación e validez dos datos de cada demandante. Ademais, os demandantes poderán renovar e modificar o seu currículo cando o consideren oportuno.

En canto ao Programa de Orientación Laboral e Busca de Emprego levaranse a cabo accións de xeito personalizado, coa finalidade de avaliar o perfil curricular da cada demandante, actuando ao mesmo tempo sobre as súas aptitudes e capacidades, e establecendo actuacións tendentes a adecuar os seus intereses e motivacións á situación actual do mercado de traballo.

Os beneficiarios destes programas de información, orientación e busca de emprego, serán todos os demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego, ben cando o soliciten expresamente ou ben cando lles sexa ofertado polo propio Servizo.



PRETO DE 1.250.000 EUROS DESTINADOS A ACCIÓNS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL EXPERIMENTAIS E COMPLEMENTARIAS DO PLAN FIP

- ***As actuacións formativas reguladas na orde aprobada esta mañá polo Consello da Xunta, inclúen proxectos formativos con compromiso de contratación, cursos universitarios de posgrao e accións de carácter experimental***

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, deu o visto e prace á orde presentada pola Consellería de Traballo pola que se establecen as subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (FIP).

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras polas que se rexerán tanto a convocatoria pública como a execución das accións formativas dirixidas aos desempregados inscritos nas oficinas do Servizo Público de Emprego. Estas accións correspondentes ao exercicio de 2006, están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e xestionadas pola Consellería de Traballo, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación. O orzamento total destinado ao seu desenvolvemento ascende a preto de 1.250.000 euros.

Tendo en conta que o plan FIP conta cun catálogo preestablecido de especialidades homologadas, pode deixar sen atender especialidades formativas de especial interese, tanto dende o punto de vista do colectivo que atenden como dos sectores produtivos aos que se dirixen. Así, as accións formativas complementarias reguladas nesta orde prevén:

Proxectos formativos con compromiso de contratación dos alumnos que, polas súas especiais características, non se axusten aos requisitos exixidos no Plan FIP. As entidades incluídas neste epígrafe deberán comprometerse a contratar polo menos o 60% do número de alumnos para os que se aprobou a acción formativa, por un período mínimo de seis meses a xornada completa, ou tempo equivalente se a contratación non é a xornada completa. Poderán beneficiarse das axudas destinadas a estes programas empresas, agrupacións de empresas e entidades sen ánimo de lucro

Cursos de posgrao e cursos organizados por escolas de especialización profesional das universidades galegas, así como daquelas entidades expresamente vinculadas á relación universidade/empresa, dirixidos á mellora da empregabilidade dos titulados universitarios, que teñan carácter ocupacional e sexan útiles para a mellora da inserción laboral dos posgraduados. Poderán solicitar estas subvencións universidades galegas e entidades expresamente vinculadas á relación universidade/ empresa



Accións de carácter experimental que non teñan cabida no Plan FIP e que melloren a empregabilidade dos destinatarios, sempre que haxa expectativas razoables de inserción laboral dos alumnos participantes e as accións que se realicen sexan preferentemente as relativas aos novos filóns de emprego (calidade, ambiente e novas tecnoloxías da comunicación e da información). Os beneficiarios destas axudas poderán ser empresas, agrupacións de empresas, entidades sen ánimo de lucro, entidades locais e corporacións de dereito público.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O *PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER QUE SUSTITUIRÁ Á BOLSA DE VIVENDA EN ALUGUEIRO*

- *A renda máxima de aluguer permitida non superará os 450€ ao mes*
- *Os inquilinos aportarán o equivalente ao 30% do seu salario e o resto será subvencionado pola Consellería de Vivenda e Solo*
- *Os propietarios terán garantida a renda do aluguer durante 5 anos tras asinar o primeiro contrato*
- *Terán prioridade as vítimas de violencia de xénero, persoas en risco de exclusión social, discapacitados, familias numerosas e monoparentais, e persoas maiores de 65 anos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto do *Programa de Vivenda en Aluguer*, que substitúe ao actual Bolsa de Vivenda en Aluguer, baixo criterios de fomento do arrendamento como alternativa para o acceso á vivenda dos colectivos con maiores dificultades económicas, así como a dinamización do mercado de vivenda en arrendamento.

As subvencións para o pago das rendas de aluguer destinaranse a persoas, familias ou unidades convivenciais con ingresos ponderados comprendidos entre 0,7 e 2,5 veces o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM). Os inquilinos aportarán o equivalente ao 30% do seu salario e o resto do aluguer será subvencionado pola Consellería de Vivenda e Solo, ata unha contía máxima de 450 € ao mes. As subvencións poden chegar ata o 60% en función dos ingresos ponderados dos inquilinos. As persoas con ingresos entre 0 e 0,7 veces o IPREM serán obxecto dunha regulación específica á hora de acceder a unha vivenda en aluguer a través deste programa.

As vivendas adxudicaranse acomodando ao máximo as características da mesma, tanto en superficie como en prezo, ás necesidades e aos ingresos do inquilino, da familia ou da unidade convivencial que solicite unha vivenda a través do novo programa.

Beneficiarios cualificados

A Consellería de Vivenda e Solo concederá prioridade na adxudicación de vivendas e na concesión das subvencións ás mulleres vítimas de violencia de xénero cuns ingresos que non excedan ás 2,5 veces o IPREM. Para este colectivo a subvención pode acadar o 80% da renda de aluguer.

Outros colectivos considerados como prioritarios son: as persoas ou familias en risco de exclusión social con ingresos inferiores a 0,7 veces o IPREM e que perciban



algunha axuda pública ou privada pola súa situación. A subvención da Consellería ascenderá ao 60% do aluguer.

As persoas con discapacidade tamén terán prioridade na concesión de subvencións, incluídas as que teñen contratos de arrendamento en vigor. Outros colectivos considerados prioritarios son as familias numerosas, familias monoparentais e maiores de 65 anos.

Condicións para os propietarios

As vivendas que soliciten o ingreso no *Programa de Vivenda en Aluguer* deberán cumprir unha serie de condicións: non estar ocupadas nin arrendadas nos seis meses anteriores á presentación da solicitude de ingreso no programa, con excepción das inscritas na actual bolsa e queiran pasarse ao novo programa, non exceder os 120 metros cadrados de superficie útil e cumprir as condicións de habitabilidade. Ademais, realizaranse inspeccións técnicas para comprobar o estado das vivendas.

Por outra banda, os contratos de arrendamentos renovarase por un prazo máximo de 5 anos. Unha vez transcorridos 2 anos desde a última subvención, poderase optar de novo ao programa. A contía da renda mensual non poderá exceder en ningún caso os 450 € mensuais, segundo a taxación realizada pola sociedade pública xestora, unha vez deducidos os gastos de xestión.

Subvencións á Rehabilitación

Antes da súa incorporación ao programa, a vivenda será obxecto de inspección a fin de que se emita un informe no que se poñerá de manifesto que cumpre as condicións de habitabilidade, e en caso contrario, fixaranse as obras necesarias.

A Consellería de Vivenda e Solo concederá axudas aos propietarios para efectuar esas obras de mellora, por un importe máximo de 6.000 € que se pagará previa xustificación das obras e tras alugar a vivenda nas condicións establecidas no programa.

Entrada en vigor progresiva

O *Programa de Vivenda en Aluguer* terá unha entrada en vigor progresiva para evitar interferencias entre o sistema actual e o novo. As disposicións transitorias primeira, segunda e sétima do decreto entrarán en vigor de inmediato tras a súa publicación no DOG. O resto do novo programa entrará en vigor dous meses despois da súa publicación, unha vez que a transición entre ambos sistemas este finalizada.

En base a estas transitorias, os inquilinos e propietarios que teñan cita para asinar os contratos de arrendamento poderán formalizalos segundo o establecido no decreto 199/2002 que regula a actual Bolsa de Alugueiro, e recibir as subvencións



correspondentes por un prazo improrrogable dun ano. Igualmente, os contratos que rematen antes da entrada en vigor do novo programa, serán renovados por un prazo improrrogable de 12 meses de acordo ao decreto 199/2002. Tamén se resolverán as solicitudes polos propietarios presentadas desde hai meses para recibir a subvención da rehabilitación da vivenda.



ROSA LOSADA SUÁREZ, NOMEADA SECRETARIA XERAL DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto de nomeamento de Rosa Losada Suárez como secretaria xeral da Consellería de Vivenda e Solo.

Losada Suárez é natural da Illa de Arousa. Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela no ano 1982. Foi secretaria de Concello desde o ano 1982, pasando polos concellos de Meaño, O Grove, Fene, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa. Neste último municipio estivo desde o ano 1993 ata agora.

Rosa Losada Suárez substitúe no cargo a Enrique Santiago de Urdiales, quen cesa a petición propia e a quen o Goberno galego lle agradece os servizos prestados.